



[Gekkodigitalmedia.Wildebeest-migration-g07bfdb401_640. Pixabay license](https://www.pixabay.com/media/Wildebeest-migration-g07bfdb401_640/)

QUE É A GRAN MIGRACIÓN ?

Son moitos os animais que realizan migracións, é dicir, desprazamentos periódicos dun hábitat outro. O tipo de migración que efectúan é distinto en aves, peces, ou mamíferos. Toda migración implica un movemento activo de parte do individuo migrante, a miúdo durante moitos días.

A migración cumpre distintas finalidades. Hai especies que o fan para afastarse de invernos en extremo rigorosos ou veráns tórridos; outros o fan buscando un lugar apropiado para a súa reprodución, ou para fuxir dos seus depredadores; outras especies fano para procurarse alimentos.

Se hai un movemento migratorio famoso e único no mundo animal pola súa espectacularidade é o que se produce no ecosistema Serengeti – Masai Mara. Durante o período da migración anual, os animais poden percorrer a través do ecosistema Serengeti-Mara máis de 2.500 quilómetros ao longo unha marcha cíclica.

A denominada popularmente “gran migración “é a maior concentración de herbívoros do planeta e supón un consumo de herba de máis 4000 toneladas diarias.

Trátase de case 2 millóns de animais en movemento. Entre un millón e medio de ñus azuis, medio millón de cebras e máis duascenas cincuenta mil gacelas de Thompson, con exemplares de Gacelas de Grant, Elands, Topis e outros herbívoros que poden realizar parte do percorrido, realizan un movemento circular que comeza no parque nacional do Serengeti e que está en permanente movemento.